

NIÑATO

[Adrián Orr, 2017]

376

ESTREA EN NUMAX: 11.05.2018 | V.O. | +12

Niñato (2017, 72')

Dirección: Adrián Orr

Guión: Adrián Orr

Elenco: David Ransanz, Oro Ransanz, Mía Ransanz, Luna Ransanz

Son: Eduardo Castro

Montaxe: Adrián Orr

Música: David Ransanz

Fotografía: Adrián Orr

Produtoras: New Folder Studio (España)

Distribuidora: Márgenes

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Español

FILMOGRAFÍA

Buenos días resistencia, 2013
[curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Bafici 2017 (Mellor documental), FICQ/2 (Mellor filme), Sevilla 2017 (Mellor filme Nuevas Olas), Visións du Reel 2017 (Premio do Xurado Nova Mirada)

SINOPSE

David, alias Niñato, é un pai mozo e solteiro que pasa a maior parte do día ao coidado de 3 nenos pequenos. Aínda que non ten traballo e vive en casa de seus pais, a paixón e esperanza que esperta nel a música Hip-hop, fortalece a súa dedicación na educación dos nenos. Na intimidade da súa vida diaria, a través de pequenos xestos e silencios, a importancia da unidade familiar vaise revelando. Oro, o neno máis pequeno, pouco motivado nos estudos, reclama cada vez máis atención. Niñato enfrentado a novas dificultades, esforzase por inculcarlles a autonomía necesaria para afrontar un novo presente.

«Orr apela a unha cámara en man e a unha proximidade que por momentos remite ao estilo dardenniano. O resultado é tan potente como devastador»

Diego Batlle, OTROS CINES EUROPA



“Tratei a realidade do meu barrio, dos meus amigos, de igual a igual”

Entrevista con Adrián Orr

Por Ignasi Franch

En Niñato volves tratar unhas vidas que xa abordas na curtametraxe Buenos días resistencia (2013). Cal é a relación entre ambas? Cando rematei a rodaxe da curtametraxe sentín que bosquexara algo que non se tiña completado. No filme hai tres escenas que xa estaban na curtametraxe e algunhas que rodamos daquela pero non incluímos na montaxe final. Interesábanos empregarlas porque Niñato está pensada tamén como unha película que reflexa o paso do tempo: transcorren catro anos desde as primeiras filmacións até o remate.

Partes de persoas reais que coñeces.

O protagonista, David, é un dos meus mellores amigos. Eu era DJ do seu grupo de hip hop cando eramos adolescentes. Co tempo, fun observando que a súa forma de estar cos nenos desprendía unha paixón moi similar á súa forma de vivir a música. Interesoume ese pai mozo en proceso de aprendizaxe que, á vez, quere seguir rapeando.

Como xestionaches a túa presenza no cotián da familia? A xente preguntame se me agochaba! Esa aproximación traballámola moito. Non ter un equipo de filmación facilitou as cousas. Pasei moito tempo con eles, filmando e sen filmar,

compartimos momentos... Rodamos en outono e inverno, un ou dous días á semana. Mentres montabamos íamos pensando por onde podía ir o filme, decatábonos de como ían mudando as súas vidas e que podía ser máis interesante mostrar.

Cres que Niñato entra na categoría de cinema social? Todo o cinema pode ser social, ou pode ser político. A min gústanme moitos filmes do estilo de Ken Loach pero tampouco quixen facer algo semellante, se ben todo o que filmei e como o filmei é político. A miña familia é de clase traballadora, de clase media-baixa por dicilo dalgún xeito. Agora a miña situación mudou pero tentei manter ese punto de vista. Tratei a realidade do meu barrio, dos meus amigos, de igual a igual. Normalmente os traballadores teñen sido representados por persoas máis burguesas.

Tense falado da ausencia de contexto social na túa proposta. En cambio hai escenas que explicitan moito o Madrid da crise. Eu creo que si hai un transfondo claro. Non é algo que quixese subliñar, pero creo que está aí. É un filme do presente de Madrid e do presente do meu barrio. Falo dunha familia onde só traballa a irmá de David, el está no paro, hai tres nenos...

E viven todos na mesma casa. Sobrevoa este fenómeno da España posterior ao crack de 2008. O filme presenta varios temas, sen dar moitas respostas, porque fan parte do cotián dos personaxes. Entre eses temas está a familia e como cambian os roles.

David é o home e fica na casa cos nenos, a nai traballa porque conseguiu un posto interesante... E todos están moi arroupados polos avós. As circunstancias fan que se reorganicen.

Xérase unha mestura complexa de estímulos. Por unha banda temos a David como pai en casa fóra do estereotipo de división sexista do traballo. Á vez a nai é quen se encarga de lavar a roupa ou cociñar. Si, vén da tradición familiar. Hai esa dicotomía, esas contradicións. A nai de David sempre estivo cos seus fillos. E segue a manter iso, pero á vez convive con outra xeración e cada un ten as súas responsabilidades. Non achega ingresos económicos pero xoga un rol importante para que os demais poidan facer o que queren facer. Na película, David é o pai dos tres nenos; en realidade é o pai dun e o tío de dous. Vín as responsabilidades que asumiu sobre eles, aínda que renuncie a un traballo precario co que pagar o comedor escolar. Prefire a liberdade de estar en casa cos nenos, creando a súa música e vivindo con pouco diñeiro.

Co teu filme, mostras unha serie de situacións sen dirixir moito o espectador. Si, quería explorar como o cinema pode levarnos a prestar atención a algo ao que quizais non damos importancia no día a día pero que conta moi ben quen somos, sen dramaturxias moi elaboradas. Sen necesidade de representar mortes, accidentes e esas cousas.

Publicado en elsaltodiario.com
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Jean-Pierre Léaud
Pauline Étienne

O león dorme esta noite

UN FILME DE NOBUHIRO SUWA
co protagonista d' O 400 golpes

SECCIÓN OFICIAL
FESTIVAL DE SAN SEBASTIÁN
2017

«Un conto fantástico totalmente inesperado»
Jean-François Rauger — LE MONDE

«Jean-Pierre Léaud emociona dende o primeiro momento»
Daniel de Parzarro — CINEMANIA

«O mellor filme do Festival de San Sebastián»
CAIMÁN CUADERNOS DE CINE

Estrea en cines 27 DE ABRIL

distribucion.numax.org/leon

CO-PRODUCCIÓN: Nobuhiro Suwa (SUWA) JEAN-PIERRE LÉAUD (LÉAUD), PAULINE ÉTIENNE (ÉTIENNE), MIA WYLER (WYLER), ARTHUR HARARI (HARARI), ISABELLE WEINGARTEN (WEINGARTEN), NOË SAMPY (SAMPY), JEAN-LOUIS BERARD (BERARD), FRANÇOISE MICHAUD (MICHAUD), LOUIS-DO DE LENCQESANG (LENCQESANG), JULES LANGLADE (LANGLADE), NOBUHIRO SUWA (SUWA), FÉLIX EN MINEUR (EN MINEUR) JEAN-PIERRE LÉAUD (LÉAUD), ARTHUR HARARI (HARARI), TOM HARARI (HARARI), FLORENT KLOCKENBRING (KLOCKENBRING), EMMANUEL CROSET (CROSET), THOMAS GRÉZARD (GRÉZARD), INÉS DE LA BEVIÈRE (DE LA BEVIÈRE), MARIAL SALOMÓN (SALOMÓN), OLIVIER MARGUERIT (MARGUERIT), MICHIKO YOSHITAKE (YOSHITAKE), JÉRÔME DOPPLER (DOPPLER), YUJI SADAI (SADAI), Centre National de la Cinématographie et de l'Image Animée (CNC), Région Provence-Alpes-Côte d'Azur, Département des Alpes-Maritimes (ALPES-MARITIMES), CNC (CNC), Agency for Cultural Affairs do Goberno de Xapón (AGENCY FOR CULTURAL AFFAIRS), FILM-IN-EVOLUTION, Les Productions Balhazar, Bitters End (BITTERS END), NUMAX Distribution